



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 5 DE MAIO DE 2011

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUÍZ FERRO

Concelleira

D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro non adscrito
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro non adscrito

FALTA:

DNA. IRENE AGUIAR LALE
Concelleira do PSdeG - PSOE

SECRETARIA

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas do día cinco de maio de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 21 DE MARZO, 26 DE MARZO, 7 DE ABRIL E 25 DE ABRIL DE 2011.
------	---

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL.

2º.-	DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE MARZO DE 2011.
3º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓN PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 21 DE MARZO, 26 DE MARZO, 7 DE ABRIL E 25 DE ABRIL DE 2011. Antes de proceder á aprobación das actas, fanse as seguintes propostas de corrección:

Sra. López Doce do BNG.- Nos detectamos erros nas actas de 21 e 26 de marzo en concreto na de 21 de marzo na páxina 2 onde di co obxecto de celebrar a sesión ordinaria, esa sesión foi extraordinaria tal e como se recolle no encabezamento da acta. Na páxina catro no parágrafo referido a D. Alfonso Varela Durán onde di “da

ata agora denominada Rúa 35” ten que dicir “ prolongación da Rúa Castelao entre as Rúas Avenida Benito Vigo e Virxinia Pereira. Na páxina 20 na intervención do alcalde, repítese dúas veces a mesma frase e polo tanto procede suprimir unha e no reconto de votos hai un erro, resultaron doce votos a favor da suma do PSdG e BNG que estabamos todos e onde di nove votos en contra ten que dicir oito porque o señor Vicente ausentárase antes da votación. Nas asistencias di que D. José Vicente Vicente se ausentou as 22.15 , entón faltaría engadir que este concelleiro participou na votación e que por tanto o número de votos en contra estaría correcto. Na acta correspondente ao 26 de marzo hai un erro na páxina catro que obedece á transcripción equivocada do acordo do pleno anterior. Entón non é Rúa 35 senón prolongación da Castelao.

Sr. Otero Espiño do PSOE.- *Tamén na páxina 17 do pleno do 21 de marzo na intervención que teño eu despois da do señor Reboredo, fálase de que houbo un incremento do IBI , imposto de bens e inmobles, cando debe ser IVE, imposto de valor engadido .*

Conformes todos os Concelleiros/as coa redacción das actas, así como co seu contido, apróbanse por unanimidade as actas das sesións correspondentes ás sesións plenarias celebradas os días 21 de marzo, 26 de marzo, 7 de abril e 25 de abril de 2011. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- DAR CONTA DUNHA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN; QUE É A SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O COFINANCIAMENTO DAS PRESTACIÓNS BÁSICAS DE SERVIZOS SOCIAIS NO CONCELLO PARA O ANO 2011

Sr. Alcalde.- *Antes de pasar á segunda parte do pleno, digamos que foi por un descoido e non se incluíu na orde do día, dar conta dunha solicitude de subvención; que é a solicitude á Consellería de Traballo e Benestar para o cofinanciamento das prestacións básicas de servizos sociais no Concello para o ano 2011, polo tanto como consideramos importante que se dea conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local , imos someter a inclusión deste punto na orde do día.*

Sometida a votación a inclusión deste punto na orde do día, resultan once votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Sanmartín Obelleiro, Maceiras Vicente, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites) e (BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e nove abstencións (PP: Sres/as López Campos, Maceira Besteiro, García Villar, Maíssa Rodrigo, Vicente Vicente, Goldar Soto e Loureiro Méndez) e non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez) polo que por maioría se aproba a inclusión deste punto na orde do día.

Seguidamente o Sr. Alcalde dá lectura ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 25 de abril de 2011, que literalmente se transcribe:

“C) Pola Concelleira Delegada de Benestar Social achégase proposta expresa relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para o cofinanciamento das prestacións básicas de Servizos Sociais neste Concello para o ano 2011.

Vista a Orde do 03-03-11 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as subvencións destinadas á prestación de Servizos Sociais polas Corporacións Locais, publicada no Diario Oficial de Galicia do 29 de marzo de 2011 (D.O.G. nº 62).

Visto o informe emitido pola responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais con data 19-04-11.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

PRIMEIRO.- Solicitar á Secretaría Xeral de Benestar subvención para o cofinanciamento das prestacións básicas de servizos sociais neste Concello para o ano 2011 por mor da Orde do 3 de marzo de 2011, publicada no DOG nº 62 do 29-03-11, nos seguintes termos:

a) Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da Orde expresada, as seguintes axudas para Servizos Sociais de Comunitarios, de conformidade co artigo 2, aptdo. 1 da Orde, unha subvención por importe total de 768.843,17 euros, coa seguinte distribución por conceptos de financiamento:

-RETRIBUCIÓN DO PERSOAL ADSCRITO AOS SERVIZOS SOCIAIS:

▪ 4 Traballadores Sociais	52.544,07 €
▪ 1 Director/a coordinador/a	15.012,59 €
▪ 2 Técnicos de Grado Médio	30.025,18 €
▪ 2 Auxiliares Admitivos	18.042,86 €
▪ 1 técnico en Cooperación Social	13.520,58 €

MANTEMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 1.500,00 €

AXUDA NO FOGAR

▪ Prestación básica	67.613,89 €
▪ SAAD	445.824,00 €

REALIZACIÓN DE PROGRAMAS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS 109.200,00 €

INVESTIMENTO DE CAPITAL

▪ Adquisición de equipamento non mobiliario (programa informático)	15.560,00 €
--	-------------

Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condición que o ano anterior.

b) O compromiso do Concello de consignar nos orzamentos municipais para o ano 2011 un total de 548.706,54 euros para o cofinanciamento dos programas e servizos financiados por mor da Orde do 3 de marzo de 2011, na que se inclúe a incorporación de remanentes do ano 2010 por importe de 2.282,42 e outras fontes de financiamento tales como o copago de usuarios dos distintos servizos. A distribución da achega municipal por conceptos é a seguinte:

▪ PERSOAL:	98.119,63 €
▪ MANTEMENTO.....	17.028,00 €
▪ AXUDA NO FOGAR.....	203.758,91 €
▪ REALIZACIÓN DE PROGRAMAS.....	226.800,00 €
▪ INVESTIMENTO.....	3.000,00 €

c) En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL por programas e investimento para Servizos Sociais Comunitarios é o seguinte:

1. PERSOAL.

- ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	129.145,28 €
- ACHEGA DA C. LOCAL.....	98.119,63 €
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	227.264,91€

2. MANTEMENTO.

- ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	1.500,00 €
- ACHEGA DA C. LOCAL.....	17.028,00 €
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	18.528,00 €

3. AXUDA NO FOGAR MODALIDADE BÁSICA

- ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	67.613,89 €
------------------------------	-------------

-	ACHEGA DA C. LOCAL.....	107.344,19 €
-	REMANENTE.....	0 €
-	TOTAL PARCIAL.....	174.958,08 €
4. AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES		
-	ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	445.824,00 €
-	ACHEGA DA C. LOCAL.....	96.414,72 €
-	REMANENTE.....	0 €
-	TOTAL PARCIAL.....	542.238,72 €
5. REALIZACIÓN DE PROGRAMAS.		
-	ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	109.200,00 €
-	ACHEGA DA C. LOCAL.....	224.517,58 €
-	REMANENTE.....	2.282,42 €
-	TOTAL PARCIAL.....	336.000,00 €
6. INVESTIMENTO		
-	ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	15.560,00 €
-	ACHEGA DA C. LOCAL.....	3.000,00 €
-	TOTAL PARCIAL.....	18.560,00 €
7. ORZAMENTO TOTAL		
-	ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	768.843,17 €
-	ACHEGA DA C. LOCAL.....	546.424,12 €
-	REMANENTE.....	2.282,42 €
-	TOTAL.....	1.317.549,71 €

SEGUNDO.- Dar conta á próxima sesión plenaria do contido deste acordo e se remita a correspondente certificación á Consellería de Traballo e Benestar, conforme ao establecido no artigo 11 .1.1. a) da Orde reguladora do 3 de marzo de 2011.”

O Pleno queda enterado.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

3º.- DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE MARZO DE 2011. Polo Alcalde- Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 127 e 232 correspondentes ao mes de marzo de 2011.

O Concello queda sabedor.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Goldar Soto do PP.- Boas noites. Se o alcalde mo permite voume a dirixir xa directamente ao señor Espiño. E que xa se nos acaba o tempo polo menos a min, ¿ o colector de vidro para o lugar de Campos?, é necesario porque agora xa hai anacos de botellas por alí tirados porque a xente non é do todo cívica e temos que regular un pouquiño iso, queda o Pleno de xuño e eu non o vou volver a repetir pero si que apelo ao seu bo saber e podíámonos despedir deixando alí un colector que eu creo que os veciños lles van a estimar.

Sr. Otero Espiño do PSOE.- Contaba con esa pregunta eu e todos os compañeiros de goberno, xa me deron a resposta pero mire non lle vou a responder aínda. Mire non toca o final aínda, isto continúa e se o Alcalde fai as delegacións correspondentes eu vou seguir en medio ambiente e non se preocupe que cando teñamos colectores vostede terá un para Campos, pero hai moitos lugares necesitados, moitísimo máis neste Concello, precisamente o ámbito rural está

deficitario e esta é unha das demandas que se están a facer sistematicamente a Ecovidrio para que nos dote de máis colectores e dar servizo a parroquias enteiras que non teñen ningún colector de vidro, polo tanto non se preocupe porque queda tempo para darlle resposta satisfactoria.

Sra. Maissa do PP.- *Boas noites se o Alcalde mo permite voulle facer un rogo ao señor Espiño, ten aí diante unhas fotos que xa implican o que queremos pedir, é un rogo que facemos para que vimos facendo dende hai moitísimo tempo; é unha vergoña e temos que apelar ao civismo da xente pero tamén ao Concello para que sexa máis áxil en recoller este tipo de cousas.*

Sr. Espiño do PSOE.- *Tamén lle respondo por reiteración e agradézolle a súa reiteración, neste sillón sempre estiven sentado nel ademais. Este foco xa é a segunda vez que se limpa, cando se limpou nesta ocasión mandouse alí porque hai unha reportaxe gráfica, grazas de todas formas por darnos unha mostra pero encargáralle ao señor Cabaleiro que fixera unha reportaxe para todos. Este goberno nestes catro anos leva levantados por encima de 120 vertedoiros incontrolados, algún tan lamentable e vergoñento que non temos sequera posibilidades humanas e materiais para poder facer limpeza nós co mesmo, esperamos que a Xunta colabore intensamente con nós e premie ese esforzo que nós estamos a facer. Este si que podemos facelo manualmente pero no momento en que dispoñamos de persoal, non se preocupe que pronto o verá limpo.*

Sra. Goldar Soto do PP.- *Ben, se xa non hai máis intervencións e posto que digamos que este é o último pleno oficial; aínda queda o de xuño pero este é o que digamos é oficial, eu quería mostrar o meu agradecemento a todos os compañeiros pola boa acollida e tamén dar as grazas a todos aqueles que non van continuar e tamén manifestar para os que queden que moita sorte e sentidiño común.*

Sr. Alcalde.- *Moitas grazas, como aínda queda un Pleno extraordinario ao que espero que asistan todos, aí teremos tempo para despedirnos axeitadamente, moitas grazas a todos e se non hai máis preguntas nin ningunha intervención do público levantamos a sesión.*

Non habendo máis intervencións, e ao non efectuarse intervención ningunha por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta minutos.

A Estrada, 5 de maio de 2011

A secretaria.

Asdo.: Marta Cajide Barbeito